XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
Unión Europea NextGenerationEU
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

# Ciencias sociais

CMPS003

Parte sociolingüística

# 1. Formato da proba

### Formato

- A proba consta de vinte cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

### Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,10 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

### Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

### Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 50 minutos.

# 2. Exercicio

## 1. Cal é un dos principais gases responsables do efecto invernadoiro?

*¿Cual es uno de los principales gases responsables del efecto invernadero?*

**A** Dióxido de carbono.
*Dióxido de carbono.*

**B** Nitróxeno.
*Nitrógeno.*

**C** Osíxeno.
*Oxígeno.*

## 2. Cal das seguintes comarcas galegas se atopa na provincia da Coruña?

*¿Cuál de las siguientes comarcas gallegas se encuentra en la provincia de A Coruña?*

**A** O Salnés.

**B** Deza.

**C** Arzúa.

## 3. Cales das características propostas son distintivas da pintura barroca?

*¿Cuáles de las características propuestas son distintivas de la pintura barroca?*

**A** Simetría e equilibrio.
*Simetría y equilibrio.*

**B** Dramatismo e dinamismo.
*Dramatismo y dinamismo.*

**C** Minimalismo e simplicidade.
*Minimalismo y simplicidad.*

## 4. Pola súa concepción onírica, a que estilo pertence a obra "A persistencia da memoria"?

*Por su concepción onírica, ¿a qué estilo pertenece la obra "La persistencia de la memoria"?*

**A** Construtivista.
*Constructivista.*

**B** Cubista.

**C** Surrealista.



**5.** Que coordenada xeográfica permite localizar un punto específico na superficie terrestre de leste a oeste?

*¿Qué coordenada geográfica permite localizar un punto específico en la superficie terrestre de este a oeste?*



**A** Lonxitude.
*Longitud.*

**B** Altitude.
*Altitud.*

**C** Latitude.
*Latitud.*

**6.** Identifique o nome correcto das provincias españolas numeradas no mapa:

*Identifique el nombre correcto de las provincias españolas numeradas en el mapa:*

**A** 1) Cáceres, 2) Salamanca, 3) Cuenca, 4) Albacete, 5) Ávila.
*1) Cáceres, 2) Salamanca, 3) Cuenca, 4) Albacete, 5) Ávila.*

**B** 1) Badaxoz, 2) Zamora, 3) Albacete, 4) Teruel, 5) Toledo.
*1) Badajoz, 2) Zamora, 3) Albacete, 4) Teruel, 5) Toledo.*

**C** 1) Mérida, 2) Salamanca, 3) Teruel, 4) Albacete, 5) Cidade Real.
*1) Mérida, 2) Salamanca, 3) Teruel, 4) Albacete, 5) Ciudad Real.*



## 7. Como se denomina a representación gráfica das formas de relevo nun mapa?

*¿Cómo se denomina la representación gráfica de las formas de relieve en un mapa?*

**A** Lendas.
*Leyendas.*

**B** Curvas de nivel.
*Curvas de nivel.*

**C** Coordenadas xeográficas.
*Coordenadas geográficas.*

## 8. Cal das seguintes correntes artísticas se caracteriza pola captura da luz natural?

*¿Cuál de las siguientes corrientes artísticas se caracteriza por la captura de la luz natural?*

**A** Cubismo.

**B** Expresionismo.

**C** Impresionismo.

## 9. Identifique a secuencia correcta dos ríos europeos que aparecen numerados:

*Identifique la secuencia correcta de los ríos europeos que aparecen numerados:*

**A** 1) Loira, 2) Elba, 3) Vístula, 4) Dniéster, 5) Po.

**B** 1) Loira, 2) Rhin, 3) Vístula, 4) Volga, 5) Po.

**C** 1) Sena, 2) Rhin, 3) Don,4) Vístula, 5) Tíber.



**10.** Cal foi o feito que causou o inicio da primeira guerra mundial?

*¿Cuál fue el hecho que causó el inicio de la primera guerra mundial?*

**A** O asasinato do arquiduque Francisco Fernando de Austria.
*El asesinato del archiduque Francisco Fernando de Austria.*

**B** A sinatura do Tratado de Versalles.
*La firma del Tratado de Versalles.*

**C** A invasión de Polonia por parte de Alemaña.
*La invasión de Polonia por parte de Alemania.*

**11.** Cal foi o efecto mais significativo da Revolución Rusa na estrutura económica do país?

*¿Cuál fue el efecto mas significativo de la Revolución Rusa en la estructura económica del país?*

**A** A aplicación do liberalismo económico.
*La aplicación del liberalismo económico.*

**B** A colectivización dos medios de produción.
*La colectivización de los medios de producción.*

**C** As reformas do Tsar Nicolás II.
*Las reformas del Zar Nicolás II.*

**12.** Que documento proclamou os dereitos fundamentais e as liberdades do pobo durante a Revolución Francesa?

*¿Qué documento proclamó los derechos fundamentales y las libertades del pueblo durante la Revolución Francesa?*

**A** O establecemento da primeira República Francesa en 1792.
*El establecimiento de la primera República Francesa en 1792.*

**B** Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán de 1789.
*Declaración de Derechos del Hombre y del Ciudadano de 1789.*

**C** A Declaración de Independencia de 1776.
*La Declaración de Independencia de 1776.*

**13.** En que país comenzou a chamada "Gran Depresión de 1929", que logo se propagou globalmente?

*¿En qué país comenzó la llamada "Gran Depresión de 1929", que luego se propagó globalmente?*

**A** Estados Unidos.

**B** Alemaña.
*Alemania.*

**C** Reino Unido.

**14.** Polo seu intento de integración da paisaxe e a perspectiva, e a utilización da temática clásica, podemos afirmar que a obra "O nacemento de Venus", de Sandro Botticelli, é un exemplo do estilo:

*Por su intento de integración del paisaje y la perspectiva, y la utilización de la temática clásica, podemos afirmar que la obra "El nacimiento de Venus" de Sandro Botticelli, es un ejemplo del estilo:*



**A** Barroco.

**B** Neoclásico.

**C** Renacentista.

**15.** Cal das propostas se pode considerar unha característica distintiva da arte Gótica?

*¿Cuál de las propuestas puede considerarse una característica distintiva del arte Gótico?*

**A** A presenza de cúpulas.
*La presencia de cúpulas.*

**B** A presenza de bóvedas de canón.
*La presencia de bóvedas de cañón.*

**C** A presenza de arcos apuntados.
*La presencia de arcos apuntados.*

**16.** En función das temperaturas anuais e o réxime de precipitacións, pódese afirmar que o clima reflectido na imaxe é de tipo:

*En función de las temperaturas anuales y el régimen de precipitaciones, puede afirmarse que el clima reflejado en la imagen es de tipo:*

**A** Tropical-seco ou semidesértico.
*Tropical-seco ou semidesértico.*

**B** Tropical-húmido.
*Tropical-húmedo.*

**C** Ecuatorial.



**17.** Que ideoloxía revolucionaria se negaba a formar partidos políticos e se agrupaba só en sindicatos?

*¿Qué ideología revolucionaria se negaba a formar partidos políticos y se agrupaba solamente en sindicatos?*

**A** Comunismo.

**B** Anarquismo.

**C** Socialismo.

**18.** Pola súa disposición en forma de cruz latina, con ábsida, ciborio e capelas absidiais, a planta da igrexa proposta é de estilo:

*Por su disposición en forma de cruz latina, con ábside, cimborrio y capillas absidiales, a planta de la iglesia propuesta es de estilo:*

**A** Románico.

**B** Mudéxar.
*Mudéjar.*

**C** Gótico.




**19.** Cal das seguintes correntes oceánicas é coñecida pola súa influencia no clima de Europa occidental?

*¿Cuál de las siguientes corrientes oceánicas es conocida por su influencia en el clima de Europa occidental?*

**A** Corrente de Humboldt.
*Corriente de Humboldt.*

**B** Corrente de California.
*Corriente de California.*

**C** Corrente do Golfo.
*Corriente del Golfo.*

**20.** De que xeito influíron os factores ideolóxicos no desenvolvemento do imperialismo do século XIX?

*¿De qué manera influyeron los factores ideológicos en el desarrollo del imperialismo del siglo XIX?*

**A** Promovendo a autonomía cultural dos territorios administrados.
*Promoviendo la autonomía cultural de los territorios administrados.*

**B** Fomentando a cooperación internacional.
*Fomentando la cooperación internacional.*

**C** Xustificando a superioridade moral e cultural do estado-metrópole.
*Justificando la superioridad moral y cultural del estado-metrópolis.*

## 3. Solución para as preguntas tipo test

| Nº | A | B | C | |
|---|---|---|---|---|
| 1 | X | | | |
| 2 | | | X | |
| 3 | | X | | |
| 4 | | | X | |
| 5 | X | | | |
| 6 | | X | | |
| 7 | | X | | |
| 8 | | | X | |
| 9 | X | | | |
| 10 | X | | | |
| 11 | | X | | |
| 12 | | X | | |
| 13 | X | | | |
| 14 | | | X | |
| 15 | | | X | |
| 16 | X | | | |
| 17 | | X | | |
| 18 | X | | | |
| 19 | | | X | |
| 20 | | | X | |
| N.º de respostas correctas (C) | | | | |
| N.º de respostas incorrectas (Z) | | | | |
| Puntuación do test= C×0,5-Z×0,10 | | | | |

**Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,10 puntos.**
**As respostas en branco non descontarán puntuación.**